



## 1. IDENTIFICACIÓN

<b>TÍTULO DA TAREFA:</b>	LET'S MAKE A BETTER TUI		
<b>ETAPA:</b>	Educación Primaria	<b>NIVEL:</b>	5º e 6º de educación primaria.
<b>ÁREAS:</b>	Educación plástica e visual, lingua estranxeira, lingua galega, proxecto competencial, ciencias da natureza e lingua castelá.	<b>PROFESORADO:</b>	Andrea
<b>DESCRIPCIÓN:</b>			
<p>Esta tarefa aspira a ser un proxecto de curso que se desenvolverá en tres actos (un por cada trimestre) culminándose coa súa presentación no Congreso ODS. A través dela preténdese:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aumentar a exposición do noso alumnado a lingua estranxeira.</li> <li>- Crear un clima que favoreza a produción de mensaxes sinxelos en lingua estranxeira – inglés.</li> </ul>			

- Analizar cunha mirada crítica a nosa contorna valorando o grao de accesibilidade que presenta.
- Concienciarnos e concienciar sobre a necesidade da eliminación de barreiras tanto arquitectónicas como de comunicación.
- Difundir a nosa mensaxe de xeito que chegue ó maior número de persoas posible e que dea lugar a cambios efectivos.

Crearemos ao longo do curso unha campaña publicitaria. Neste primeiro trimestre, aprenderemos sobre a creación de carteis publicitarios, tendo en conta a temática traballada; ademais, recibiremos a visita de expertos en barreiras e en publicidade.

Deste xeito, e seguindo co proxecto de centro dos ODS, achegarémonos ós ODS 10 e 11.



#### XUSTIFICACIÓN:

Un dos principios que artella o noso proxecto educativo como centro así como o do marco legislativo actual en materia de educación, é o de lograr unha educación inclusiva. Baseándonos neste principio buscamos a través desta tarefa xerar conciencia no noso alumnado sobre a necesidade de que os espazos da nosa escola e da nosa contorna sexan accesibles para todas as persoas, facéndoos conscientes de que isto redundará nunha mellora que atinxe a toda a sociedade.

A través deste marco conceptual buscamos ó mesmo tempo que o alumnado desenvolva a súa competencia en comunicación lingüística, especialmente en lingua estranxeira e que aprenda a manexar as TIC para a creación de carteis que compartir coa nosa comunidade educativa.


Ao mesmo tempo, seguindo este enfoque de traballo baseado en tarefas estamos a atender a elementos transversais do currículo que teñen un gran valor no noso proxecto como son: a prevención de resolución pacífica de conflitos, liberdade, xustiza, igualdade; a educación para a igualdade; a educación viaria,...

**CONTEXTO:**

Ámbito CreaVisual, aula de inglés.

## 2. CONCRECIÓN CURRICULAR

ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN / OBXECTIVO	INSTRUMENTO E PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN
<b>SESIÓN 1</b>		
<p><b>- Presentación da tarefa e dos ODS que imos a traballar.</b></p> <p>Choiva de ideas en gran grupo sobre o que implica ese ODS?</p> <p>Posta en común.</p>	<p>▪ CA1.5. Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas e coa perspectiva de xénero. <b>OBX10.</b></p>	<p>Lista de cotexo mediante a observación directa.</p>
<p><b>Caderno de equipo.</b></p> <p>Distribución de cargos e establecemento de compromisos para o ámbito.</p>	<p>CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto./OBX2</p>	<p>Lista de cotexo e análise do caderno de equipo.</p>
<p><b>Visualización do vídeo sobre barreiras arquitectónicas sen son.</b></p>	<p>▪ CA2.8. Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas. <b>OBX10</b></p>	<p>Lista de cotexo mediante a observación directa.</p>
<p><b>Rutina de pensamento:</b></p> <p><b>“See, think wonder”.</b></p>	<p>▪ CA1.2. Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións</p>	<p>Lista de control e análise do soporte da rutina de pensamento.</p>

 <p>En pequeno grupo, coa estrutura de folio xiratorio van anotando o que ven. Poderán usar o computador xa que precisarán usar o tradutor para as palabras novas xa que se realizará en inglés.</p> <p>Compartiremos en gran grupo o que observamos para enriquecer as listas e comprobar que o vocabulario recollido é correcto.</p> <p>Despois compartiremos oralmente o que pensamos.</p> <p>Posteriormente coa estrutura de lapis o centro, cada equipo deberá formular as preguntas que lle xorden a partir da visualización do vídeo.</p>	<p>comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.</p> <p><b>OBX1</b></p> <p>CA2.4. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso. <b>OBX3.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA6.5. Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais. <b>OBX9.</b></li> <li>▪ CA1.1. Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede. <b>OBX1.</b></li> </ul>	
<p><b>Formulación de preguntas</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.7. Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar,</li> </ul>	<p>Lista de cotexo e observación.</p>

Antes de facer a parte de I wonder da rutina de pensamento. Explicarase a estrutura de preguntas seguindo a QUASIMODO.



Analizamos as preguntas formuladas e comprobamos que sigan esta estrutura. De non ser así, entre todos, razoamos como podemos modificalas e adaptalas.

despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación. **OBX3.**

- CA6.1. Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada. **OBX1.**
- CA6.6. Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz **OBX9.**

## SESIÓN 2


### Visualización do vídeo:

“Meet the normals” – Adventures in Universal Design.

[https://www.youtube.com/watch?v=A88E4DH2asQ&ab\\_channel=NationalDisabilityAuthority](https://www.youtube.com/watch?v=A88E4DH2asQ&ab_channel=NationalDisabilityAuthority)

- CA1.1. Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma

Lista de cotexo e observación directa.

	<p>comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. <b>OBX1</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.4. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal guiada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais. <b>OBX 10.</b></li> </ul>	
<p><b>Mind map</b> que recollans as distintas barreiras que atopamos no texto.</p> 	<p>CA2.2. Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais. <b>OBX2.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.4. Analizar a información e os resultados obtidos, e comunicar as conclusións das investigacións, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos. <b>OBX1.</b></li> </ul>	<p>Lista de cotexo e análise do produto.</p>
<p><b>Classroom mind map.</b> Enriquecemos o mind map compartindo co resto dos nosos compañeiros as distintas achegas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA2.2. Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira,</li> </ul>	<p>Lista de cotexo e rexistro de participación</p>

	<p>con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. <b>OBX5.</b></p> <p>CA1.3. Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira. <b>OBX2.</b></p>	
<p><b>Lectura compartida.</b></p> <p>Lemos dous textos sobre: barreiras arquitectónicas e barreiras de acceso en comunicación. Dous equipos len un e outros dous equipos len outro. Despois, facemos equipos mixtos para que compartan a información que recolleron.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos. <b>OBX2.</b></li> <li>▪ CA3.1. Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal <b>OBX4.</b></li> </ul>	<p>Lista de cotexo.</p>
<p><b>SESIÓN 3: SAÍDA POLA CONTORNA.</b></p>		
<p><b>Elaboración dunha checklist de observación.</b></p> <p>O alumnado, en equipos, elaborará unha pequena guía de observación que lles permita</p>	<p>CA1.2. Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para captar o sentido</p>	<p>Lista de cotexo e análise das checklists.</p>



<p>identificar as barreiras arquitectónicas e doutro tipo que atopemos nesta saída.</p>	<p>global e procesar informacións explícitas en textos diversos. <b>OBX1.</b></p>	
<p><b>Saída pola contorna.</b></p> <p>Empregando a checklist elaborada previamente analizaremos as distintas barreiras da contorna. Fotografiamos as barreiras que atopemos para facer unha pequena exposición fotográfica.</p>	<p>CA2.4. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso. <b>OBX3.</b></p> <p>▪ CA4.3. Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. <b>OBX4</b></p> <p>▪ CA4.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas <b>OBX4.</b></p>	<p>Lista de cotexo.</p>
<p><b>Reflexión en gran grupo.</b></p> <p><b>Compartimos cales foron as nosas impresións respondendo ás seguintes preguntas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>É Tui máis accesible do que pensaba ou mneos?</b></li> </ul>	<p>CA2.5. Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir de experiencias e interaccións orais próximas. <b>OBX3.</b></p>	<p>Lista de cotexo e observación directa.</p>

<p>- Que barreira te chamou máis a atención?</p>		
<b>SESIÓN 4</b>		
<p><b>Presentación da rúbrica de avaliación.</b> Dar a coñecer ó alumnado os indicadores que se terán en conta para a súa presentación oral e do produto (cartel publicitario) que teñen que elaborar.</p>	<p>CA2.8. Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas <b>OBX10</b>.</p>	<p>Lista de cotexo e observación directa.</p>
<p><b>Elaboración do produto final: cartel publicitario empregando unha ferramenta TIC.</b> Presentación dos aspectos básicos de uso da ferramenta. Presentación das fotografías realizadas para que, se o consideran, as incorporen a súa presentación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.5. Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento. <b>OBX2</b>.</li> <li>▪ CA2.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas. <b>OBX4</b>.</li> </ul>	<p>Lista de cotexo e análise do cartel elaborado polo alumnado.</p>
<p><b>Presentación do cartel publicitario ante o grupo clase.</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.3. Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada</li> </ul>	<p>Lista de cotexo.</p>

	<p>recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira. <b>OBX2.</b></p> <p>CA2.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas. <b>OBX3.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais. <b>OBX6.</b></li> <li>▪ CA2.5. Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido. <b>OBX4.</b></li> <li>▪ CA2.6. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais <b>OBX4.</b></li> </ul> <p>CA4.5. Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido <b>OBX4.</b></p>	
--	---	--

<p><b>Metacognición</b> A través do caderno de equipo.</p>	<p>▪ CA2.8. Mobilizar coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos e propondo solucións creativas. <b>OBX10</b></p> <p>CA2.6. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais <b>OBX4</b>.</p> <p>▪ CA3.4. Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas. <b>OBX4</b>.</p>	<p>Lista de cotexto e análise do caderno de equipo.</p>
<p><b>CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA</b></p>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación, identificación e reflexión sobre as barreiras de acceso presentes na nosa contorna, prestando especial atención ás barreiras arquitectónicas.</li> <li>- Comprensión global de mensaxes orais en lingua estranxeira.</li> </ul>		

- Busca de distintos conceptos no dicionario en liña traducindo do español ó inglés e viceversa.
- Producción de mensaxes orais e escritas sinxelas en lingua inglesa.
- Elementos básicos dun texto publicitario.
- Producións audiovisuais. Traballo colaborativo e importancia do proceso dalgúns dos diferentes xéneros e formatos. Introducción á utilización de recursos dixitais e audiovisuais para a elaboración de carteis informativos: reflexión sobre o papel da información e a estética coas que se presenta.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo. ▪ Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.
- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes.
- Formulación de distintas preguntas seguindo unha estrutura pautada en lingua estranxeira inglesa.
- Interacción oral adecuada en situación de aula e en contextos formais e informais elementais, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Participación activa en situación de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto.
- Lectura grupal e individual de textos de tipo informativo extraendo ideas principais e secundarias.

- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Presentación oral dos carteis relacionados en equipos cooperativos.
- Presentación con mensaxes claras e comprensibles en lingua estranxeira.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e funcións comunicativas xerais asociadas a devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Fomento da produción de mensaxes en lingua inglesa.
- Técnicas de aprendizaxe.
- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.

- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Síntese e reelaboración de coñecementos de forma acompañada e con apoio de modelos.
- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.

### 3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
<p><b>Presentación da tarefa e dos ODS que imos a traballar.</b></p> <p>Choiva de ideas en gran grupo sobre o que implica ese ODS?</p> <p>Posta en común.</p>	Aula de inglés.	Gran grupo	Computador e proxector.	15-20 min
<p><b>Caderno de equipo:</b> distribución de cargos e establecemento dos compromisos.</p>	Aula de inglés.	Equipos base.	Caderno de equipo e bolígrafos.	10 – 15 minutos.
<p><b>Visualización do vídeo sobre barreiras arquitectónicas sen son.</b></p>	Aula de inglés.	Gran grupo	Vídeo Computador Proxector Altofalantes	10-15 min
<p><b>Rutina de pensamento:</b></p> <p><b>“See, think wonder”.</b></p> <p>En pequeno grupo, coa estrutura de folio xiratorio van anotando o que ven. Poderán usar o computador xa que precisarán usar o</p>	Aula de inglés.	Equipos base.	Plantilla rutina de pensamento. Bolígrafos Computador para a busca no dicionario.	50 min



<p>tradutor para as palabras novas xa que se realizará en inglés.</p> <p>Compartiremos en gran grupo o que observamos para enriquecer as listas e comprobar que o vocabulario recollido é correcto.</p> <p>Despois compartiremos oralmente o que pensamos.</p> <p>Posteriormente coa estrutura de lapis o centro, cada equipo deberá formular as preguntas que lle xorden a partir da visualización do vídeo.</p>				
<p><b>Formulación de preguntas</b></p> <p>Antes de facer a parte “I wonder” da rutina de pensamento. Explicarase a estrutura de preguntas seguindo a QUASIMODO.</p>	<p>Aula de inglés.</p>	<p>Gran grupo</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cartel publicitario.</li> <li>- Texto informativo.</li> <li>- Plantilla rutina de pensamento</li> </ul>	<p>20 min</p>
<p><b>Visualización do vídeo:</b></p> <p><b>“Meet the normals” – Adventures in Universal Design.</b></p>	<p>Aula de inglés</p>	<p>Gran grupo</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Computador da aula.</li> <li>- Proxector.</li> </ul>	<p>10 minutos</p>

<a href="https://www.youtube.com/watch?v=A88E4DH2asQ&amp;ab_channel=NationalDisabilityAuthority">https://www.youtube.com/watch?v=A88E4DH2asQ&amp;ab_channel=NationalDisabilityAuthority</a>				
<b>Mind map</b> que recollans as distintas barreiras que atopamos no texto.	Aula de inglés	Equipos base.	Plantilla do mind map. Bolígrafos	15 min
<b>Classroom mind map.</b> Enriquecemos o mind map compartindo co resto dos nosos compañeiros as distintas achegas.	Aula de inglés	Gran grupo	Encerado Material de encerado	15 min
<b>Lectura compartida.</b> Lemos dous textos sobre: barreiras arquitectónicas e barreiras de acceso en comunicación. Dous equipos len un e outros dous equipos len outro. Despois, facemos equipos mixtos para que compartan a información que recolleron.	Aula de inglés	Equipos base	2 computadores: 1 computador para a lectura compartida e outro para o uso do dicionario (Wordreference é que estamos a empregar).	60 min
<b>Elaboración dunha checklist de observación.</b> O alumnado, en equipos, elaborará unha pequena guía de observación que lles	Aula de inglés	Equipos de expertos mixtos de distintos equipos base	Soporte papel. Computador para engadir os ítems interesantes doutros equipos.	45 min.

<p>permita identificar as barreiras arquitectónicas e doutro tipo que atopemos nesta saída.</p> <p>Faremos a saída con cadeira de rodas e con máscaras para os ollos para poder poñernos no lugar doutras persoas.</p>				
<p><b>Saída pola contorna.</b></p> <p>Empregando a checklist elaborada previamente analizaremos as distintas barreiras da contorna.</p> <p>Fotografiaremos as barreiras que atopemos para facer unha pequena exposición fotográfica.</p>	Tui	Gran grupo	<p>Portafolios coa checklist</p> <p>Bolígrafos</p> <p>Tablets para sacar fotos.</p>	90 min
<p><b>Reflexión en gran grupo.</b></p> <p><b>Compartimos cales foron as nosas impresións respondendo ás seguintes preguntas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>É Tui máis accesible do que pensaba ou menos?</b></li> </ul>	Círculo restaurativo.	Gran grupo	Obxecto da palabra	10-15 min

- <b>Que barreira te chamou máis a atención?</b>				
<b>Presentación da rúbrica de avaliación.</b> Dar a coñecer ó alumnado os indicadores que se terán en conta para a súa presentación oral e do produto (cartel publicitario) que teñen que elaborar.	Aula de inglés	Gran grupo.	Soporte papel Computador Proxector	15 minutos
<b>Elaboración do produto final: cartel publicitario empregando unha ferramenta TIC.</b> Presentación dos aspectos básicos de uso da ferramenta. Presentación das fotografías realizadas para que, se o consideran, as incorporen a súa presentación.	Aula de inglés	Equipos base	Computadores Material de traballo	150 minutos
<b>Presentación do cartel publicitario ante o grupo clase.</b>	Aula de inglés	Equipos base e gran grupo	Rúbrica de avaliación Escala de valoración	40 minutos
<b>Metacognición</b> A través do caderno de equipo.	Aula de inglés	Equipos base	Caderno de equipo Material funxible	10 minutos

## 5. AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
<b>ENSINANZA-APRENDIZAXE (ALUMNADO)</b>	Diario de aula Listas de cotexto Análise dos distintos produtos	Observación sistemática
<b>PRÁCTICA DOCENTE</b>	Rúbrica de autoavaliación docente	Observación sistemática Reflexión individual e nos equipos de nivel de ámbitos
<b>DESEÑO DA TAREFA</b>	Rúbrica de autoavaliación docente	Observación sistemática Reflexión individual

# INSTRUMENTO 1: LISTAS DE CONTROL

CRITERIOS DE AVALIACIÓN		SI (1)	NON (0)	OBSERVACIÓNS
EDUCACIÓN PLÁSTICA	CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.			
	Reflexiona no caderno de equipo sobre a consecución dos compromisos.			
	Analiza criticamente o seu propio proxecto a través de preguntas guiadas (círculo restaurativo) e da rúbrica de avaliación.			
	CA4.3. Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.			
	Identifica as partes do cartel publicitario.			
	Elabora un bosquexo en equipo do cartel informativo que van presentar como equipo.			
	CA4.5. Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.			
	Participa na presentación oral do cartel publicitario, elaborado en equipo.			
	▪ CA4.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.			

	CA2.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.			
	Emprega elementos audiovisuais e visuais no seu cartel.			
	Establece unha relación coherente e atractiva entre texto e imaxe.			
	Fai fotografías nas que se mostran barreiras arquitectónicas de Tui.			
	Participa no traballo realizado en equipo e na toma de decisións.			
	Realiza aportacións propias ó traballo en equipo.			
	CA2.6. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.			
	Respecta as opinións dos seus compañeiros.			
	Expressa as súas opinións de forma respectuosa.			
	Chega a acordos cos seus compañeiros do equipo.			
LGL e LCL (TIL)	CA1.5. Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas e coa perspectiva de xénero.			
	Emprega unha linguaxe respectuosa.			

<p>▪ CA2.8. Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.</p>			
<p>CA2.8. Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.</p>			
Chega a acordos cos seus compañeiros cando non teñen a mesma opinión.			
Expressa o seu desacordo de forma respectuosa.			
<p>CA2.4. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.</p>			
Respecta a quenda de palabra.			
Participa activamente nas actividades en gran grupo.			
<p>CA6.5. Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.</p>			
Revisa os textos realizados identificando e corrixindo os erros propios.			
Emprega o dicionario online (Wordreference) para traducir do español ó inglés.			
Escolle o termo adecuado en inglés cando traduce algunha palabra polisémica.			
<p>CA1.4. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal guiada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais.</p>			



Usa unha linguaxe inclusiva no texto informativo presentado.			
CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.			
Comprende textos sinxelos de carácter oral.			
Identifica as ideas principais dun vídeo.			
Identifica as ideas principais e secundarias dun vídeo.			
CA3.1. Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.			
Le en voz alta con claridade.			
Resume o que le os seus compañeiros (na lectura compartida)			
Identifica as palabras clave do texto.			
CA6.6. Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.			
Aplica os coñecementos sobre categorías gramaticais para formular preguntas en inglés seguindo a estrutura explicada.			
CA2.5. Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir de experiencias e interaccións orais próximas.			

	Formula preguntas sobre as súas dúbidas.			
	CA2.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.			
	Emprega medios de comunicación social para a busca de información.			
	CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais.			
	Comparte os resultados da súa busca de información en gran grupo.			
ENGLISH	CA1.2. Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.			
	Recoñece e expón as ideas principais dun texto.			
	CA1.7. Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.			
	Recoñece vocabulario empregado durante as actividades relacionadas co tema traballado.			
	Incorpora o novo vocabulario ás súas mensaxes.			
	CA2.2. Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.			

	CA1.1. Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.		
	Recoñece as diferenzas entre a lingua estranxeira e as linguas propias.		
	Emprega Canva para elaborar carteis sinxelos.		
	CA1.5. Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.		
	Emprega o vocabulario buscado na rutina de pensamento para realizar a checklist.		
	Elabora unha lista de ítems que observar na saída por Tui.		
P.C.	CA2.2. Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.		
	Interactúa cos seus compañeiros e establece obxectivos conxuntos para o traballo en equipo.		
	CA3.4. Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e		

	valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.		
	Realiza unha reflexión sobre o proxecto (proceso e resultado).		
	Valora no caderno de equipo o grao de consecución dos compromisos presentados.		
	Reflexiona de forma realista sobre o traballo realizado no equipo (lista de cotexo).		

## INSTRUMENTO 2: RÚBRICA DE AUTOAVALIACIÓN DOCENTE

1. Planificación da actividade docente	A (4)	B (3)	C (2)	D (1)
Os criterios de avaliación son obxectivos e claros.				
Durante o desenvolvemento da tarefa conséguese a participación activa de todo o alumnado.				
2. Práctica docente e deseño da tarefa	A (4)	B (3)	C (2)	D (1)
Empréganse distintas estruturas de aprendizaxe cooperativa durante o desenvolvemento da tarefa.				
Durante as distintas sesións empregaranse materiais variados adaptados á diversidade da aula.				
O clima de traballo da aula é positivo e cómodo para o alumnado.				
As actividades seguen un deseño universal de aprendizaxe que permite que todo o alumnado as leve a cabo en distintos niveis de desempeño.				
Empréganse distintas rutinas de pensamento durante a tarefa.				
Incorpóranse técnicas de cohesión de grupo.				
3. Seguimento do proceso de ensinanza aprendizaxe.	A (4)	B (3)	C (2)	D (1)

Realízase unha avaliación formativa que favoreza a aprendizaxe e a reflexión sobre o propio proceso de ensinanza – aprendizaxe.				
Avalíase durante todas as sesións a participación e progreso do alumnado.				
Emprego estruturas de aprendizaxe cooperativo durante o desenvolvemento da tarefa.				
Inclúo unha gran variedade de recursos materiais e humanos para lograr os obxectivos propostos.				

# INSTRUMENTO 3: LISTA DE COTEXO – AUTOAVALIACIÓN DO TRABALLO EN EQUIPO



## GROUP WORK SELF-ASSESSMENT

### Checklist



YES NO

I helped others if I could and they needed me.



I listened to the discussion and the different ideas and perspectives.



I respected other members of my group. **RESPECT**



I shared my ideas.



I felt that my ideas were taken into consideration.

I played my role in the team (coordinator, spokesperson, secretary and assistant).

I contributed to the group work and task.

